Tati & Titón

Nuria Fernádez Fariñas

Primera edición, junio de 2023
© Nuria Fernádez Fariñas, 2023

Maquetación y diseño:
Avant editorial
Avenida de Londres, 6, Portal 1, Atico A, 28500 Arganda (Madrid)
www.avanteditorial.com
info@avanteditorial.com

Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra solo puede ser realizada con la autorización de sus titulares, salvo excepción prevista por la ley. Diríjase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) si necesita fotocopiar o escanear algún fragmento de esta obra (www.conlicencia.com)

ISBN: 978-84-19763-97-6
IBIC: YFU
Depósito Legal: M-26705-2023

Tati & Titón

Nuria Fernández Fariñas

avant
editorial

A ponte de todos os Santos, os pais de Tomás, marcharon de viaxe por motivos de traballo e deixaron a Tomás na casa dos seus avós.

Tomás era un cativo moi espelido e non ía ser menos coas máquinas, coas consolas, cos ordenadores, coas tablets e co móbil: as novas tecnoloxías abstraían as súas capacidades e aparvaban a súa mente. Algo do que el non era consciente.



A Avoa fixolle a súa comida favorita, como toda avoa que ben se prece!

(E así conseguiría afastalo durante un bo intre dunha aditiva tecnoloxía que o mantiña zombi!)

Logo de aturar moita queixa por parte do rapaz conseguiu atraelo paseniño cara ao lume recendente, e alí, pretiño de aquelas chamas comezou a lle relatar un conto como só as avoas saben facer:

A historia de Tati e Titón acontece na cidade galega máis cosmopolita e con máis fasto de toda Galicia, unha cidade onde "mirar" e "ver" é unha cousa complicada. Alí onde a ría fica acubillada e protexida, baixo o amparo das Illas Cíes.

Antón, Toñito para os amigos, era un neno dunha familia humilde, nativo dun barrio da cidade Olívica, dun barrio situado na ladeira do monte da Guía

xunto á praia da Lagoa: naqueles tempos nos que había tantos camaróns que se podían recoller coas mans.

Antón era fillo de Santiago, un gruista dos estaleiros do porto de Vigo emigrado de Arxentina, onde fora boxeador nos seus tempos mozos.

A súa nai Isolina, muller propia da época, traballaba esporadicamente na conserveira Vaqueiro.

Dedicábase fundamentalmente ao coidado da casa e ás atencións das galiñas e da horta.

Beni, ou Marinina para as amigas, era filla dun militar destinado na ETEA de Vigo, naqueles tempos nos que a praia da Punta tiña toda a zona reservada para a "jet set", coma a illa privada de Toralla ou a da Toxa, un estilo "Porto Banús".

—Xa che digo que era de moi boa familia! Digocho eu!!! Soamente con escoitar os nomes dos seus pais has ficar convencido!

A súa nai chamábase Benigna dos Anxos. Era coxa dende nena a causa dun erro médico. Aconsellárana bañar nas augas frías da Illa da Toxa e esta recomendación médica no canto de axudar e contribuír á súa mellora e crecemento causou o efecto contrario e a perna encolleu. Mira